



**Expediente núm:285/2024**

**Memoria Xustificativa do contrato de obra: Senda peonil en Graxoiba .POS adicional 2/2022 2 fase**

**Procedemento:** Contrato de Obras por Procedemento Aberto Simplificado

Artigo 159 da Lei 9/2017

## **MEMORIA XUSTIFICATIVA**

### **Introdución. Necesidades administrativas a satisfacer :**

A finalidade da execución destas obras ,e a mellora e conservación da infraestrutura viaria do Concello , que contribuíran a xerar cohesión social e territorial e a mellorar as condicións de vida e de traballo no medio rural , facilitando a accesibilidade e a vertebración do territorio e o aumento da competitividade dos sectores produtivos de As Somozas. Ámbitos competenciais da Administración Local recollidos nos artigos 25 da Lei 7/1985 de Bases de Réxime local

**Obxecto do contrato.** Contrato de obras para Senda peonil en A Graxoiba figurado no proxecto de obras o seguinte: .

Pretende o presente proxecto a construción dunha senda peonil para seguridade vial de 310 m. de lonxitude e 1,80 m de ancho, con bordo delimitador prefabricado, entre calzada e senda e en borde de talude (en zonas necesarias), 10 cm. de zorra de canteira (en 2,35 m de ancho) e 12 cm. de formigón coloreado, incluso mallazo e xuntas de dilatación, previa execución de movemento de terras necesario e previa retirada de barreira de seguridade existente. Previo á execución do pavimento contéplase a canalización de 125 m. tubería de polipropileno corrugado de 400 mm de diámetro, 3 pozos de rexistro con sumidoiro e 8 arquetas con sumidoiro, para recollida de augas pluviais; e canalización de 730 m. tubo de polipropileno verde coas correspondentes



arquetas, para iluminación pública, todo elo previa escavación de zanja e posterior recheo compactado da mesma. Preténdese así mesmo a formación de rigola, de 0,30 cm de ancho, en toda a lonxitude con 10 cm. de formigón, executada in situ. Inicialmente contéplase a construción dun muro de bloques de granito de 130 m de lonxitude e 2,00 m de alto, para contención de terras. Completan a obra a colocación de 130 m de varanda en aceiro inoxidable sobre o muro de bloques de granito.

### **Análise Técnica .Consideracións técnicas e requirimentos**

Están desenvolvidas no proxecto de obra, elaborado pola empresa Estudio Tecnico Gallego SA e asinada polo Enxeñeiro de camiños Pablo Blanco Ferreiro

### **Análise Económica. Valor Estimado**

Tal e como dispón o artigo 101 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, o valor estimado do contrato será o importe total sen incluír o IVE

Base imponible: 77.861,31 €

Total VALOR ESTIMADO: 77.861,31 €

PRESUPOSTO BASE DE LICITACIÓN (sen I.V.E.) 77.861,31 €

I.V.E ..... 16.350,88 €

PRESUPOSTO BASE DE LICITACIÓN ( con I.V.E.) 94.212,19 e

### **Estabilidade orzamentaria e Sustentabilidade financeira**

En cumprimento dos disposto no artigo 4 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, a valoración da estabilidade orzamentaria e a sustentabilidade financeira da mesma.

O Contrato desta obra , esta subvencionado por un axente financiador, Deputación Provincial da Coruña ao abeiro o Plan Provincial de Cooperación ás obras (Pos+) Adicional 2/2022, 2ª Fase, o 100% , sen que o Concello de As Somozas teña que facer ningunha achega económica



Confirmación do financiamento : Por Resolución da Presidencia da Deputacion do dia 07/05/2024 se levantan as condicións e se aproba definitivamente o investimento denominado “senda peonil na agraxoiba”, do concello de as somozas, incluído no plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal -plan único de concellos- (pos+) adicional 2/2022, 2ª fase, co código 2022.2102.0560.0

**O principio de sustentabilidade financeira,** entendido como a capacidade de financiamento dos compromisos de gasto presentes e futuros dentro dos límites de déficit, débeda pública e morosidade de débeda comercial, engloba tanto a débeda financeira, como a débeda comercial.

Non é preciso formalizar unha operación de crédito para financiar a contratación referida; xa que o contrato desta obra , esta subvencionado .

En relación coa débeda comercial, debe analizarse se os compromisos de gasto xerados por esta contratación faranse cumprimentando o período medio de pago a provedores

### **Análise do Procedemento**

#### **a. Xustificación do procedemento. Criterios de adxudicación**

Dado que a cuantía do contrato é inferior ao 2.000.000 €, tramitarase polo procedemento aberto simplificado regulado no artigo 159 da Lei 9/2017 e dado que o seu valor estimado é inferior a 80.000,00 seguirase os tramites establecido no punto 6 do artigo 159 da LCSP .

A elección do procedemento ven xustificada pola necesidade de favorecer a axilización de trámites establecido no artigo 28 da LCSP , que a aplicación deste procedemento fomenta .

Os pregos de condicións administrativas son o Pregos Tipo da Deputación da Coruña dado que á obra e financiada o 100% pola esta entidade ao abeiro do programa POS Adiciona2/2022

Os criterios de adxudicación que poden ser aplicables, veñen determinados polo Prego tipo da Deputación Provincial da Coruña ,



podendo elixir o órgano de contratación entre varios , para este contrato establece como criterios de adxudicación os seguintes establecidos no prego modelo da Deputación da Coruña motivado pola necesidade de realizar un procedemento de licitación con múltiples criterios utilizando valoración mediambientais, laborais e sociais

Fase 1 .Criterios non avaliados mediante fórmulas

Plan de traballo ,Plan de control de calidade ,Plan medioambiental

Esquema do Plan de seguridade e saúde

Fase 2.Criterios avaliados mediante fórmulas,,porcentaxe de persoal fixo , porcentaxe de mulleres en relación co persoal global e contratación de desempregados

### **Cualificación do contrato**

Contrato de obra

- b. Análise de execución por lotes. De acordo co establecido no artigo 99.3 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público é necesario xustificar o motivo que foi en base o informe técnico obrante no expediente no que se explica que dificultaría a correcta execución do investimento desde o punto de vista técnico e provocaría problemas de coordinación na execución das diferentes prestacións**
  
- c. Duración .O contrato ten unha duración de seis meses , segundo establece o proxecto técnico da obra**

As Somozas, documento asinado dixitalmente na data da sinatura electrónica.

O alcalde,

Juan Alonso Tembrás.



